

CURSO 2015 - 2016

RECOMENDACIONES
DE LECTURA DA

BIBLIOTECA
XOAN
FARIAS



BO
NADAL
A
TODOS
E
TODAS





PRE-LECTURES

"Mi gato".
Menudas Mascotas.
Ed. Combel

Libro cun orixinal
deseño do estoxo en
forma de gato,
e prácticos consellos.



"Gatuxo"
Magín Blanco
Felmúsica

Ilustracións e cancións
que axudan a crear o
vínculo afectivo
dos máis pequenos
cos seus pais...

"As Maimiñas. Unha viaxe polo mundo"
Sonárbore/Galaxia.

Para viaxar podes coller
barcos, avións ou incluso
camelos...
Sabes cantar? Sabes bailar?



"O raposo Rufo en
O ataque dos escaravellos
das patacas"
Daniel Viéitez
Edicións Embora

Coñece a Rufo. Esta é unha das súas aventuras. Tamén: "O mapa do tesouro" e "Valentín Cazadragóns"



PRIMEIROS LECTORES



"Canta o cuco"
Uxía e Magín Blanco
na casa de Manuel María
Ed. Galaxia

Selección dos poemas do poeta
das Letras Galegas 2016
da man de Uxía e Magín..

"Alegría"
Sérgio Tannus
Sonárbore/Ed. Galaxia

A viaxe dunha pequena
eiruga, ALEGRA, na busca
da felicidade.
Un libro/CD con
música que conseguirá
o teu sorriso.



O lapis de Rosalía

Antón Cortizas
Asistencia de David Torres

"O lapis de Rosalía"
Antón Cortizas
Col. Merlin/Ed. Xerais.

Rosalía vai á escola,
onde aprende a ler e escribir.
O novo lapis de Rosalía pon:
"Lapis especial para nenas
de seis anos" Que quereá dicir?....

"A nai da nai da miña mamá"
Alejandra Schmidt Urzua.
Hércules de Ediciones.

Un libro que amosa o proceso
da fin da vida e o comezo
doutro a través da mirada
da nena.





LECTORES/ AUTÓNOMOS/AS

"O xardín de Irene"
Xosé Neira Vilas.
Edicións Embora.

Un xardín de poemas coas
ilustracións de Leandro Lamas,
regado coa auga fresca e o
agarimo de Irene, a súa dona.





"O bigote de Mimi"
Manuel María
Fundación Manuel María
de Estudos Galegos.

Fermoso libro ilustrado por
Xaquín Marín.
Mimí é un gato manso e presumido
e os ratos téñenlle un medo enorme.

"A historia de Erika"
Ruth Vander Zeer
E. Kalandraka.

"Nacín en 1944. Non sei o día.
Non sei que nome me puxeron.
... O que sei é que cando a
penas contaba cuns meses
salváronme do Holocausto..."



"Cantarolas".
Anisia Miranda e
Xosé Neira Vilas.
Ed. Kalandraka.

Poemas cheos de ritmo e
musicalidade que amosan
o grande amor dos autores
pola terra,
cun léxico rico e preciso.



LECTORES/AS EXPERTOS/AS



"Os soños na gaiola".
Manuel María.
Ed. Xerais.

Medio cento de poemas
constitúen este xa clásico
de Manuel María, unha
das súas primeiras obras.
Galicia docemente
está ollandoo mar

"Escarlatina, a cociñeira
defunta"
Leticia Costas
Ed. Xerais

Premio Nacional de Literatura
Infantil y Juvenil.
"Obra extraordinaria,
humorística e rompedora..."
que habilidosamente
desmitifica o mundo da morte.



"Quero que veñan os meus pais".
Concha Blanco.
Edicións Embora.

Carlos vive coa avoa Lucía na aldea
de Lires. O rapaz bota en falta
convivencia cos seus pais emigrados
a Suíza, e argalla unha estratexia
para estaren xuntos de novo.

**RECORDA PEDIR UN LIBRO
CANDO ESCRIBAS A TÚA CARTA!**





Carta do avó aos Reis Magos

Melchor, Gaspar e Baltasar. «Por que non o hei crer, fillo?»

Un amigo meu pediulles a lúa reflexada
nunha charca e trouxéronlla.

Cando eu tiña seis anos e era pobre, pediulles
un xoguete. Trouxéronme o mar. Papá tan asombrado
coma min, dixo: "Nunca vira nada
tan grande nin tan divertido".

Outro ano, pediulles outro amigo e así seríamos
sete, cinco na cancha e dous no banquillo,
polo que puidese pasar. Pediulles un amigo dun metro
e moito de alto, todo un pivó.

Cando volva ser neno, á hora de pedir, na noite
dos prodixios, pedirei que me deyxen ter un can, que a
mamá o día 24 de todos os meses, aínda lle queden dous
pans na despensa e que papá volva a casa e sorriña.

Cando sexa neno, á hora de pedir, pedirei que os
mapas políticos cambien polas boas, que cada un poida
colorealos como queira, coas cores que máis
lle gustan e que todos caiban no mesmo libro.

O meu pai, fillo, pedía os ventos de marzo,
as chuvias de abril, as mapoulas
de xullo, ver madurar o trigo e que o alcalde
fose un home honrado.

Cando sexa neno, á hora de pedir, pedirei motivos
para cantar contento, que a nena do pomar volva sorrirme,
que nazas ti, pedirei unha canción, un sorriso e un bico, un
amigo e, en todo caso, fillo, un vaso de bo vifio.

Cando sexa neno, á hora de pedir, pedirei
 cousas que non se rompen, nin se oxidan,
nin aburren, cousas que se quedan na
memoria, en tanto volva a ir de neno a vello e para
sempre, seguro que polos séculos dos séculos.

Amén.

Esta é a carta que o meu avó escribirá
aos Reis Magos cando volva ser neno.

Xoán Fariñas

Blog da Biblioteca: <http://bibliospazos.blogspot.com.es/>

